

# O BARRIO

## BOLETÍN INFORMATIVO PARA A VECIÑANZA DE CANIDO



**Os orzamentos de 2025 do Concello de Ferrol ignoran a Canido.** O equipo de goberno na alcaldía presentou uns orzamentos para 2025 que alcanzan os 92 millóns de euros, cifras similares ao orzamento de 2024, incrementándose un 16,54% respecto a 2023. O día 24 de novembro o grupo no goberno aprobou en solitario, nun pleno ordinario, o proxecto orzamentario. A pesares da alta cifra e pese á presenza de partidas de transformación da cidade, nas contas presentadas non hai ningunha partida, xa non transformadora para a zona de Canido, senón que dea resposta ás necesidades máis acuciantes do barrio. Na foto desta portada vemos o deplorable e perigoso

estado da calzada e beirarrúas do final de Pérez Parallé, na zona da parroquia de Santa Cruz. Actuacións urxentes coma estas, foron xa comprometidas dende o Concello de Ferrol ante a Intrabarrrial de Canido, porén non se contemplan partidas para a súa execución, o que de forma segura imposibilitará que se afronten ao longo de 2025. Tampouco se contemplan partidas para proxectos, incluso aprobados en pleno municipal.

Dende a Intrabarrrial emprendéronse accións para trasladar ao Concello o malestar pola falta de compromiso co barrio, comezando pola presentación dun escrito formal ao respecto e a solicitude dunha xuntanza para tratar estes asuntos.

### EQUIPO DE REDACCIÓN

Rafael Aguirrebengoa Esnaola

Antonio Casal Velázquez

Guillermo Castro Peccis

Celia Fernández Alvariño

Maica R. Freire

# ESTÁ ACONTECENDO OS ORZAMENTOS DEIXAN DE LADO A CANIDO

## Obras comprometidas

A reparación de beirarrúas en Poeta Pérez Parallé é un proxecto xa contratado que non ten cabida nestes orzamentos, a situación supón un perigo para as persoas viandantes. Tamén para a rúa Doutor Fleming existe un proxecto elaborado para a urbanización da zona e abrir unha comunicación entre Alonso López e Ignacio Martell.

Outras necesidades expostas ao Concello dende a Intrabarral son a humanización na rúa Muíño do Vento, onde as beirarrúas son intransitables e altamente inseguras; establecer estacionamento entre Muíño de Vento e a rúa Lili e un paso seguro e acondicionado nese lugar.

## “Unir Ferrol ao mar” esquecese de Canido

Foi unha iniciativa veciñal e recollida tamén como propia por parte da veciñanza de Canido, o establecemento de medios mecánicos para subir as empinadas rúas que unen a Magdalena e Ferrol Vello con Canido. Ferrol non pode estar “aberto ao mar” se os nosos maiores ou a poboación con dificultades de mobilidade non poden achegarse a el. Dentro da mesma iniciativa “Unir Ferrol ao mar” tería cabida a humanización da rúa Celso Emilio Ferreiro.



*Estado do firme na zona de Muíño do Vento*

## Proxectos ilusionantes en espera



*O edificio de Suboficiais*

Outro proxecto xa aprobado é a adquisición do edificio de Suboficiais, na Praza de Canido/rúa Alegre, que ben empregado poñería ao barrio na vangarda de equipamentos para o uso público, ampliando a función tan importante que realiza nese lugar ASPANEPS (Asociación de Pais e Nenos con Problemas Psicosociais). Tampouco hai partida orzamentaria para outro proxecto xa aprobado en Pleno, a realización do estudo sobre a vivenda, que sería a base para a toma de decisións sobre a súa regulación na nosa cidade, sendo un problema este cada vez máis urxente.

## Un compromiso real coa veciñanza

A evidencia de que nos orzamentos non se inclúe ningunha partida que supoña mellora, investimento nin sequera arreglo para os problemas máis evidentes do barrio, supón na práctica o abandono por parte do Concello de Ferrol. A Intrabarral esixe á administración unha rectificación que facilite unha dedicación ás necesidades reais da poboación e unha inversión en futuro e benestar para a veciñanza.



## RESTABLECIDO O SERVIZO DE ENFERMARÍA NO BARRIO

Tras uns meses sen servizo, queda restablecido o servizo de Enfermería no Centro Cívico de Canido, grazas á profesional colexiada **Oliva Rodríguez**, que desenvolverá a súa atención os luns, martes e mércores de 11:00 a 12:00 horas. O servizo de enfermería é de balde e non é precisa cita previa.

### OUTROS SERVIZOS DE SAÚDE

Ao retomar esta actividade de Enfermería, complétase o cadro de servizos de atención á saúde que se ofrece dende a AV Canido, e que aos que se suma a profesional de podoloxía e de fisioterapia. Estes dous últimos servizos ofrécense baixo reserva previa, teñen custe máis os prezos son reducidos para as persoas socias da entidade veciñal.

## SERVIZOS de ATENCIÓN á SAÚDE



### ENFERMARÍA

Oliva Rodríguez - nº col. 8592

Luns, martes e mércores  
horario: 11.00 h a 12.00 h



### PODOLOXÍA

Thamara Meléndez- nº col. 938

PREZO SESIÓN: 20 € SOCIAS/OS\*  
+ 5 € NON SOCIAS/AS

Baixo demanda, pedindo cita no nº:

**881 161 665**



### FISOTERAPIA e REHABILITACIÓN

Saray Leira- nº col. 2397

PREZO SESIÓN: 22 € SOCIAS/OS\*  
+ 5 € NON SOCIAS/OS

Baixo demanda, pedindo cita no nº:

**665 793 124**



## SEGUE ACTIVA A CAMPAÑA PARROQUIAL

Ata o 10 de xaneiro pódese seguir colaborando coa campaña de Cáritas Parroquial, campaña fundamental para a acción solidaria durante todo o ano. Ademais de directamente na conta, pódese aportar en diversos puntos do barrio, como a Frutería Víctor, o Quiosco do Cruceiro, na SRyD, no Clavel 2.0, na cafetería Meninas ou nos propios locais da Igrexa de San Rosendo e no de Santa Cruz.

O número de conta é ES63 2080 0225 1930 0001 1777



# O BARRIO É NOSO


## DEREITO Á VIVENDA: O PAPEL DOS CONCELLOS

A administración local por ser a administración máis próxima á cidadanía é a que máis coñece a realidade social da veciñanza e é a que en primeira instancia pode actuar antes nas súas problemáticas. O dereito á vivenda nos últimos tempos é posiblemente unha das grandes preocupacións da cidadanía nos nosos barrios. Un dereito fundamental que todas as administracións públicas deben de garantir a través de políticas activas neste eido.

No caso de Ferrol, e concretamente no noso barrio, a situación de tensionamento é algo que xa vimos sufrindo dende hai tempo, xa que nos últimos anos os prezos de mercado e de alugueiro sufriron unha suba de máis do 40%. De feito, Ferrol é un Concello co seu parque residencial tensionado. Ante esta situación **o pasado mes de setembro no marco do proxecto O BARRIO É NOSO unha serie de entidades do barrio presentamos unha moción** para pedir ao Concello de Ferrol, entre outras cuestións, que solicitase á Xunta de Galicia a Declaración de zona tensionada para o noso barrio.

Esta declaración está lonxe de ser unha solución definitiva, xa que o problema da vivenda require doutras accións de maior calado, é dicir, dunha política global e transversal. Entre esas medidas, a máis importante é a **construción de vivenda pública**.

España é un dos estados co parque público máis reducido no conxunto dos países da UE. Nin que falar de Galicia, ollando a política da vivenda que está a levar a Xunta.



A miúdo tendemos a entender que as competencias de vivenda están en mans do estado ou das comunidades autónomas, e é correcto. Pero os concellos tamén teñen ferramentas na súa man, de feito a propia Lei 7/1985 de Reguladora das Bases do Réxime Local concede a administración local certas atribucións no que ten que ver coa promoción e a xestión nese ámbito. Non esquezamos tamén o papel que pode xogar no ámbito da turistificación respecto das autorizacións de novos aloxamentos turísticos, pero tamén outras medidas que eviten a especulación co solo urbano.

A modo de exemplo, o Concello de Barcelona está sendo pioneiro na aplicación de medidas que buscan paliar a tensión residencial e que permiten aliviar en parte os prezos da vivenda e do alugueiro asociados aos procesos de xentrificación e turistificación que vén sufrindo esta cidade. Entre as medidas principais están:

- 1- Dar pulo á reserva do solo en solo urbano. O obxectivo é **crear novas vivendas distribuídas polos barrios da cidade**, aínda que é unha medida controvertida que non acadou os resultados esperados.
- 2- Vincular o solo público a distintos dereitos reais ou o dereito de uso. Permitir **o aumento do parque público de vivendas**.
- 3- Fomentar a **adquisición de vivendas a través das sociedades cooperativas** de vivendas, ás que a administración local cede solo público.

Temos que entender que o dereito á vivenda é un dereito vital nun estado social, e é fundamental para a estruturación e o deseño dun proxecto vital das persoas. A vivenda non pode pasar a ser un obxecto de luxo, e moito menos ben da especulación capitalista limitando o acceso de cada vez máis capas da sociedade a este ben. Nós como cidadáns debemos esixir aos poderes públicos que tomen en serio esa realidade. **O barrio é noso**.

# NATUREZA NO BARRIO

## Pardais comúns, compañeiros de rúa

Hai animais que están asociados de maneira intrínseca á actividade humana, vivindo canda nós nas nosas aldeas, vilas, cidades e labradíos. Un deles é o **pardal común**, unha pequena ave que viste un bonito traxe de cores terrosas, grises e brancos que practicamente todos recoñecemos ao instante. Son os nosos compañeiros de rúa, de fiestras, de parques e incluso de terrazas de bar. O seu nome científico, *Passer domesticus*, xa nos dá unha pista das súas preferencias. Tan afeitos están a nós, que cando un casal queda baleiro, eles tamén desaparecen xunto cos humanos.



*Pardal macho. A Malata*

común en España **descendeu case un 20% dende que se comezou a rexistrar datos en 1998**. As causas deste declive permanecen sen ser identificadas con seguridade, pero se constatou que o descenso é máis acusado nos medios urbanos que nos contornos rurais. Un estudo recente elaborado por investigadores españois examinou se o cambio da dieta humana e a irrupción da “comida lixo” podería ser unha das causas do declive dos pardais. O informe concluíu que, efectivamente, o costume de aproveitar os nosos restos de comida afecta negativamente á saúde destas aves e que os pardais expostos a estas dietas sofren carencias. Por sorte podemos dicir que **o barrio de Canido aínda conta cunha boa poboación de pardais**, e non é raro, paseando polas zonas máis verdes, atopar bandos destes buliciosos paxaros, ás veces de varias ducias. Será que en Canido aínda non se impuxo a comida lixo.



*Pardal femia. Fonte de Insua*

É fácil distinguir a machos de femias. Os machos locen píleo gris, anteface negro, peteiro negro (na época de celo) e un babeiro negro moteado que se vai facendo máis grande coa idade. As femias teñen o píleo marrón, unha liña clara tras o ollo, ausencia de babeiro e peteiro de cor gris e amarelento. Non se libra esta especie da tendencia xeral que afecta negativamente ás nosas aves, en xeral. O pardal



*Pardais, macho e femia, A Malata*

# O MUÍÑO INFORMA

## Antón Cortizas preséntanos o seu novo libro *Palabras como moscas*

No Muíño estamos convencidos de que a presentación dun libro é quen de inducir cambios na actitude, anímica e física. E canto máis a lectura do mesmo! Vimos de coñecer a presentación **dunha nova criatura do noso veciño Antón Cortizas**, ben acompañado no acto por Ana Varela. Publicado pola editorial Embora, xa temos ao noso alcance o libro **“Palabras como moscas”**.

Un libro cociñado a lume lento ao longo dos anos e como acto de defensa da multiplicidade de textos que acolle, uns gardados na gaveta despois da súa escrita, outros xa publicados e rescatados para a súa volta á luz da páxina impresa. Textos de diversa feitura que enfeitizan, describindo as cousas do cotián, en permanente gabanza da lingua mediante o seu uso luminoso, brincador e cheo de gozo.

Antón recoñece que escribe como quen toca un instrumento, por pracer, e, co exercicio da escrita, perseguindo o gozo propio e o daqueles que farán do libro un instrumento para achegarse ao mundo desde outras perspectivas. Aínda que recoñece que moitos dos seus libros están clasificados nese recanto que se denomina literatura infantil e xuvenil, revólvese contra iso. **Existe a boa literatura e a que non o é**. Outra cousa é que a literatura que fai Antón tamén poida lela a xente nova.

E sabe que, quen aprende a ler cando novo, **quen aprende a amar a literatura desde a súa infancia será, con toda probabilidade, unha persoa con mellores instrumentos para organizar a súa mente e para estruturar o seu pensamento**.

O título do libro, “Palabras como moscas”, é o de un dos relatos que o integran e responde a un impulso presente en toda a creación literaria de Antón, o xogo coas palabras, a afección polas adiviñas e os trabalinguas. É por iso, que xogando co carácter recopilatorio do libro e co seu propio nome, non dubida en caracterizalo como unha **“antonloxía”**. Mesmo a orde de presentación agocha outra brincadeira: os textos veñen ordenados de maior a menor extensión, sen precisar unha orde estrita de lectura, podéndose abrir por e en calquera lugar e momento.



Durante estes últimos meses, Antón, incansable, dirixiu dúas actividades relacionadas coa literatura e a creación literaria. Dun lado desenvolveu a dirección dun obradoiro literario, no Centro Cívico, co apoio da AV e Muíño do Vento e doutro, un obradoiro de creación poética, impulsado desde a Asociación de escritores e escritoras en lingua galega. Neste taller realizáronse unha multiplicidade de traballos creativos para os que esperamos atopar refuxio cómodo en forma de libro. Agardemos que, finalmente, sexa viable esta nova publicación!



## Ritos de *cuestación*: O aguinaldo en Ferrol

Ben abondosos son en Galicia os petitorios ou ritos de *cuestación*. Presentes en moitas festividade, concretamente naquelas relacionadas co tempo liminal. Así pois, aparecen no tránsito cara o período primaveral, en entroidos e maíos, pero, tamén no paso ao período invernal, na forma de esmolos de defuntos (migallos na zona mindo-niense) e os probablemente máis populares ou coñecidos na actualidade, aqueles propios do nadal, aos que se denominan *aguinaldos*.



Revisando os xornais da época atopamos primeiros testemuños desta tradición cara finais do século XIX. No ano 1886 o *Correo Gallego* recolle a nova de que en Lugo os traballadores municipais manteñen o costume de “mendigar” o aguinaldo polas casas, o que se considera un abuso. Nesta mesma nota indícase que en Ferrol tamén se da tal práctica, isto a pesares de estar prohibida. Igualmente negativa é a perspectiva que ofrece unha crónica publicada en 1887, neste mesmo xornal, ao respecto da “Pascua do 1886”. Nela o autor chega a calificar o aguinaldo “*de punto negro de la navidad y filoxera social*”. Se ben, mais aló do ton clasista do artigo, amósasenos como a práctica cara finais do século XIX está estendida, pois, como lamenta o articulista, tanto o mozo de carga ou o varredor da vila aspiran ao aguinaldo a través da “consabida tarjetita”.

Con todo, non é un fenómeno restrinxido ao ámbito urbano e aos seus habitantes. De feito, dase unha interesante interacción entre a cidade e o rural, como se constata nunha nova do 1889.

Nesta dísenos que na Noite de Reis, como é costume baixaron a poboación “docenas de talludos aldeanos” da contorna de Ferrol para cantar o aguinaldo de Reis, producíndose unha cencerrada ata altas horas da noite.

O son e a música son elementos fundamentáis que non poden faltar, como observamos na Noite de Reis do ano 1888, na que en Ferrol organizábase orquestras para entoar serenatas, ademais dos orfeones que se achegan a cidade para cantar o aguinaldo. Como comprobamos nos artigos xa comentados o momento no que se pedía o aguinaldo era o a noite previa a o Día de Reis, momento no que se cantaba o chamado aguinaldo de Reis. Pero, tamén dábanse os petitorios o día 24 de decembro. Nunha nota publicada no ano 1890 os propios xornalistas do *Correo Gallego* laíanse da demora en chegarlles os resultados da lotería, por atoparse os empregados do telégrafo pedindo o aguinaldo polas rúas, en vez de atender as comunicacións.

A pesares da visión pexorativa que reflicten a prensa sobre estes ritos petitorios, asociándoos a mendicidade, podemos comprobar que o costume estaba fundamente arraigado en Ferrol cara finais do século XIX.



# CÓNTANOLO TI!

Neste comezo do ano publicamos un novo pasatempo achegado pola veciñanza. Se queres achegar contidos similares, fotografías ou textos breves, especialmente relacionados co barrio, ponte en contacto en [boletincanido@gmail.com](mailto:boletincanido@gmail.com) ou usa a caixa de correos do Centro Cívico.



	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
10										

## HORIZONTAIS:

**1:** División do ano. Ao revés, golpe dado co pé. **2:** Lugar de reposo dos ósos. Para agarrar recipientes. **3:** Zona do barrio adicada ós raposos. **4:** Suceso notorio que atrae a atención do público. Gargallada. **5:** Terminación do plural. Cuarta letra do alfabeto. Dano. **6:** Cabeza humana. Dúas vogais abertas. Principio de leite. **7:** Así é o primeiro apelido dunha rúa. Conxunto de películas cinematográficas. **8:** Rúa Navegantes. Doceava letra. Sen defecto, sen impurezas ou fumable. **9:** Vogal forte. Marchar ao revés. Anda moi á presa. **10:** Camiña no leito mariño. Asociación veciñal.

## VERTICAIS:

**1:** Ela ten boa saúde. Osmio. Non é popa. **2:** Do grego, impulsos sexuais dunha persoa. Centésimo en orde. Ele **3:** Dende ahí contéplase a Enseada da Malata. Así empeza a robaliza. **4:** Ao revés. vaia para atrás. Punta da esfera celeste oposta ao nadir. **5:** Poña ao forno. Cae da nogueira. Oito horizontal **6:** Contracción de preposición e artigo, plural. Oeste. Ponte sen on **7:** Primeira vogal. Viaxe polo mar facendo escala en distintos portos. **8:** Persoa que tece tapices con seseo. **9:** Bótase ao lume. Enumeración detallada dunha conta, dunha factura. **10:** Así é o segundo apelido da mesma rúa do sete horizontal. Rematamos outra vez coa Asociación Veciñal.